

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027654	IES Agra de Leborís	A Laracha	2022/2023

### Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Cultura clásica	3º ESO	3	105

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	6
3.1. Relación de unidades didácticas	7
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	19
6. Medidas de atención á diversidade	21
7.1. Concreción dos elementos transversais	22
7.2. Actividades complementarias	23
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	24
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	24
9. Outros apartados	25

## 1. Introducción

### 1.1. A MATERIA DE CULTURA CLÁSICA NA ESO

A materia de Cultura Clásica comprende unha bagaxe de coñecementos cuxo eixe central vén constituído polo modo de entender o mundo e o ser humano que tiñan as civilizacións grega e romana. É sabido que as manifestacións desa cultura converxen en varios campos da acción e do pensamento humano, nunha secuencia temporal que chega ata hoxe mesmo e que se estende desde a filosofía e o dereito ata as linguas de moitos países e as súas literaturas, e desde as cidades e a súa organización, o deporte, a educación, ata o mundo da arte, o urbanismo e a vida cotiá. Os froitos da cultura clásica son, polo tanto, unha serie de valores cívicos, sociais e estéticos que determinan en gran medida o modo do ser do ser humano actual, de tal maneira que ese substrato cultural constitúe un elemento vivo na civilización occidental que permite tanto a continuidade na práctica deses valores como o entendemento por parte da cidadanía da súa pertenza a unha tradición de pensamento que está por encima das propias fronteiras dos estados.

A través de Cultura Clásica preténdese iniciar o alumnado nun exercicio de reflexión e análise sobre as bases nas que descansan realidades moi importantes da nosa cultura, confrontándoas co que coñecemos como legado clásico: un patrimonio común que debe ser considerado irrenunciabile para a cidadanía europea.

### 1.2. O CONTEXTO EDUCATIVO. O IES AGRA DE LEBORÍS

A materia de Cultura Clásica deberá tomar como punto de partida o contexto educativo no que vai ser desenvolva, polo que incluimos aquí a contextualización ao centro educativo cos datos recollidos na revisión do PEC do curso pasado ( 2021-2022) e que recollen noas características do centro.

## 2. Características do centro

2.1. Situación xeográfica do noso centro O centro está situado no concello da Laracha, na comarca de Bergantiños. Atópase na rúa Rosalía de Castro, xunto á Biblioteca Municipal e moi preto da Casa da Cultura e da piscina. Estamos a 24,8 Km da Coruña e a 11,3 Km de Carballo. O mapa da situación xeográfica do Concello, na estrada AC 552 que vai da Coruña a Fisterra: Acolle alumnado de todo o concello e localidades limítrofes. Os centros adscritos ao noso instituto son: ¿ O CEIP Ramón Otero Pedrayo da Laracha. ¿ O CEIP Alfredo Brañas de Paiosaco. ¿ O CEIP de Caión.

2.2. Ámbito económico, social e laboral da contorna Segundo datos aportados polo propio Concello da Laracha a poboación coa que conta é de 11.602 habitantes, segundo os datos do padrón municipal a 20 de xuño de 2021. O termo municipal ten unha extensión de 125,95 km<sup>2</sup> repartidos en 13 parroquias e máis de 300 núcleos de poboación, dos cales soamente tres son urbanos. Precisamente nas vilas da Laracha, Paiosaco e Caión residen practicamente a metade dos habitantes, sendo a outra metade veciños residentes en zonas rurais. Nos últimos anos estase a rexistrar un progresivo aumento da poboación, circunstancia que se fixo aínda máis notable desde a pandemia do coronavirus. Durante décadas a agricultura e gandaría foron os motores económicos do municipio, que foi considerado como graneiro de Galicia pola súa alta produción debido á fertilidade da terra. A día de hoxe ditas actividades seguen tendo certa importancia e contan con profesionais de primeiro nivel, aínda que a maioría das explotacións son de pequena entidade e mesmo de autoconsumo. Na única saída ao mar do municipio, a vila de Caión, o sector pesqueiro que, tan importante foi décadas atrás, perdeu gran relevancia en favor das embarcacións de recreo. A día de hoxe os sectores económicos máis importantes do Concello da Laracha son os servizos, o turismo, a construción e especialmente o industrial, grazas á implantación de firmas de primeiro nivel nacional e mesmo mundial no parque empresarial.

2.3. A historia do centro O Instituto empezou a funcionar no curso 1996-1997. Impártese a Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato, nas modalidades de Ciencias e de Humanidades e Ciencias Sociais (a terminoloxía das modalidades foi cambiando segundo os novos marcos normativos). Impartíronse as Seccións Bilingües en Educación Física en 1º da ESO e nas materias de Educación Física, Educación Plástica e Música en 3º da ESO. Actualmente mantense as de Educación Plástica e Música en 3º da ESO. Esta sección complétase cun programa de desenvolvemento das linguas estranxeiras con auxiliar de conversa en inglés.

2.4. Características do noso edificio - Edificio principal O centro conta con 21 aulas, dous laboratorios, dúas aulas¿taller, dúas aulas de Informática, dúas aulas de Educación Plástica, unha aula de Música, unha biblioteca, un ximnasio, un pavillón polideportivo, unha sala de usos múltiples, locais para os Departamentos Didácticos, sala de profesorado, oficina de Secretaría, conserxaría, despachos para os membros da dirección, despacho para o

orientador, aula de Convivencia, sala de Titoría, varios almacéns e cuartos de limpeza, cafetería, baños e ascensor. Estes espazos van adaptándose ás distintas necesidades xurdidas no centro dende a súa creación ata a actualidade, resultando neste momento as aulas de tamaño reducido, precisando empregar espazos específicos como aulas de referencia. As aulas de 1º e 2º de ESO contaron con dotación ABALAR completa, que está obsoleta. Ademais no curso 2015-2016 dotáronse de ordenador, canón e pizarra dixital o resto das aulas do centro. As melloras tecnolóxicas deben ser un obxectivo claro para adaptar as novas necesidades de xestión e organización. No curso 2019-2020 coa pandemia pola covid19 foi necesario poñer en marcha diversas adaptacións do noso contexto escolar, no que estaban incluídas accións para a formación permanente do profesorado en tecnoloxías da información e comunicación, e utilización de recursos tecnolóxicos específicos para a docencia virtual (ensino virtual) primando o emprego das aulas virtuais, videoconferencias, Abalarmobil e correos corporativos, entre outros. No curso 2021-2022 deséñase o primeiro plan dixital do centro, que permitirá dotalo de recursos financiados pola Unión Europea e o Ministerio de Educación. Pavillón O centro, ademais do edificio principal que inclúe un ximnasio, conta no recinto co pavillón, espazo compartido co Concello tanto para a realización de diversas actividades a nivel local, como para as propias do centro educativo (clases de Educación Física, celebracións, competicións, Plan Proxecta...)

### 3. Oferta educativa

3.1. Educación Secundaria Obrigatoria. A oferta educativa da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) de actual liña catro, foi aumentado dende a súa creación, motivada polo aumento do alumnado.

3.2. Bacharelato A oferta de Bacharelato mantense con dúas modalidades:

- Ciencias (Ciencia e Tecnoloxía)

- Humanidades e Ciencias Sociais

¿ Itinerario Humanidades

¿ Itinerario Ciencias Sociais

### 4. Características xerais do centro

#### 4.1. Alumnado

O noso centro educativo foi aumentando a ratio do alumnado dende a súa creación. Neste momento estamos a superar os 500 alumnos/as. Gran parte do alumando, dada a dispersión xeográfica da poboación, é usuaria do transporte escolar. O alumnado foi en aumento, sobre todo na etapa da ESO, sendo algo máis estable na etapa de Bacharelato, tal como se indica nas táboas de datos dos últimos dez cursos e no momento de elaborar este documento no curso 2021-2022.

A lingua que fala a maioría do alumnado é o galego, contando co aumento de alumnado procedente doutras Comunidades e outros países, que precisan un período de adaptación ás linguas cooficiais (galego e castelán). O alumnado vén de tres centros adscritos da zona: ¿ O CEIP Ramón Otero Pedrayo da Laracha (con máis alumnado) ¿ O CEIP Alfredo Brañas de Paiosaco. ¿ O CEIP de Caión. Ademais destes centros cada vez vén máis alumnado de zonas límefrofes, por proximidade ou outras circunstancias: Carballo e Arteixo. Respecto a alumnado procedente doutras Comunidades, de xeito puntual poden proceder de Canarias, Valencia. E respecto a outros países contamos con alumnado de Marrocos, Colombia, Venezuela e China, podendo darse variacións. Un importante número de alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo precisa axudas para o seu proceso de ensino e aprendizaxe, contando con medidas específicas de reforzo educativo e de adaptación curricular, entre outras. O alumnado precisa mellorar hábitos de lectura, contando con recursos no centro educativo e na contorna (Biblioteca Escolar e Municipal). Hai unha porcentaxe moi importante que precisa reforzar e mellorar os hábitos de estudo. Nesta xeración tecnolóxica predomina o uso das tecnoloxía da información e comunicación a nivel usuario condicionando o lecer e tempo libre do alumnado. O alumnado procede de familias cun nivel cultural medio-baixo. Unha porcentaxe alta dos pais e nais dos nosos alumnos/as posúe uns estudos inferiores ou iguais á Educación Xeral Básica ou á Educación Secundaria Obrigatoria. A relación do alumnado co profesorado considérase en xeral boa, sendo un número reducido de alumnos/as os que teñen problemas de convivencia e teñen dificultades para cumprir coas normas do centro. Un grupo moi reducido de alumnos non respecta as instalacións, o mobiliario e o material do centro. Presentan necesidades de mellorar hábitos asociativos e participativos. Non existe ningunha asociación de alumnos e inténtase que funcione a Xunta de Delegados. Precisan mellorar a capacidade para propoñer problemas, discutilos con

responsabilidade e tolerancia e chegar a acordos que deban ser respectados democraticamente.

4.2. Persoal docente A partir do curso 1999-2000 o profesorado do centro estabilízase ao pasar o claustro de profesorado a estar formado por persoas que teñen destino definitivo no centro. Unha parte importante do profesorado que ten carácter definitivo vive na Laracha ou na súa contorna. O resto do profesorado reside fóra da Laracha, sendo a maioría da zona da Coruña capital. O corpo de profesorado está organizado por distintos Departamentos Didácticos e o Departamento de Orientación. No curso 2021-2022 contamos cunha especialista de Lingua Castelá e Literatura, e dous especialistas en Pedagogía Terapéutica, que pertencen ao Corpo de Mestres. O resto dos especialistas pertencen ao corpo de Profesores de Ensino Secundario. Os distintos Departamentos Didácticos variaron na súa ratio segundo foi evolucionando a oferta educativa e a ratio do alumnado.

O profesorado implícase en inculcar ao alumnado hábitos, actitudes e comportamentos acordes coas normas de convivencia do centro e dunha sociedade democrática.

4.3. Persoal non docente. O centro educativo conta actualmente co seguinte persoal non docente: ¿ Persoal de Administración, cunha auxiliar administrativa

¿ Persoal de conserxaría con dous conserxes.

¿ Persoal de limpeza con tres persoas (no período da pandemia sanitaria polo covid19 cóntase con reforzo do persoal de limpeza)

¿ Persoal da cafetaría (durante o período do 2019 ao 2022 non contamos con este servizo pola pandemia sanitaria)

¿ Unha persoa Auxiliar de Conversa que se vai renovando cada curso escolar para reforzar a aprendizaxe da lingua estraxeira-inglés e nas seccións bilingües.

4.4. As familias e a ANPA

É indispensable a colaboración dos pais e nais ou titores e titoras legais co centro educativo para compartir a tarefa educativa, polo que os centros deben promover a implicación das familias en todas as decisións que afecten á escolarización e aos procesos educativos do alumnado, especialmente nos ámbitos referidos á mellora da autonomía, esforzo, autoestima, participación e convivencia. As estratexias utilizadas para esta comunicación son: a) A titoría, a través da que os titores/as manteñen informadas ás familias da evolución académica e actitudinal dos seus titorandos, e solicitan a súa colaboración e participación en todo o proceso educativo dos seus fillos. b) A reunión grupal para todos os pais e nais despois das Xuntas de Avaliación Inicial (mes de outubro). c) Xornada de Portas Abertas para familias do novo alumnado en xuño (dos centros adscritos). A responsable do Departamento de Orientación tamén participa nas reunións individualizadas coas familias no caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e no caso de dificultades no ámbito da convivencia e/ou rendemento académico, sempre que sexa necesario e/ou o titor o solicite. É igualmente importante a colaboración coas entidades locais, especialmente con Servizos Sociais, xa que o seu labor pode axudar e apoiar os obxectivos educativos do centro a través da súa participación nas dinámicas familiares e dos seus contactos con outros axentes sociais coma os profesionais da saúde, etc. O centro ten de referencia unha ANPA, ¿Manuel Murguía¿, que forma parte da Federación Provincial de ANPAS da Costa da Morte, na Coruña, contando con representación no Consello Escolar do noso centro.

1.3. O CONTEXTO EDUCATIVO. O ALUMNADO DO GRUPO

O grupo de Cultura Clásica está composto por alumnado de 3º ESO A e 3º ESO B : 16 persoas na e 3 persoas no curso de 3º B. O alumnado de Cultura Clásica procede normalmente de alumnado que non cursou 2LEX en 1º e 2º ESO por estar exentos dadas as súas dificultades de aprendizaxe.

Realizada a sesión de avaliación inicial a finais de setembro, recollemos a continuación as características do grupo.

Grupo heterexéneo con gran número de alumnado con NEE

- Dificultades xeneralizadas de aprendizaxe: 6

- Incorporación tardía: 1

- Reforzo educativo: 10
- Dislexia: 1
- TDAH: 1
- Disgrafía: 1
- AACC. Enriquecemento curricular: 1

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir o mundo grecorromano desde as facetas xeográfica e histórica, localizándoo no espazo e no tempo mediante o uso da cartografía e os eixes cronolóxicos para que sirva de punto de partida do resto de coñecementos.	2		4			1		
OBX2 - Recoñecer as influencias da mitoloxía clásica analizando a literatura, o cinema, o teatro, a publicidade, a arte en xeral e mesmo aspectos da vida cotiá, para entender a orixe deses elementos herdados e usalos correctamente.				2	3-4-5			1-2
OBX3 - Identificar de maneira xeral etapas e estilos a través de obras salientables da arte grecolatina para recoñecer e interpretar eses elementos en exemplos doutras épocas ou movementos artísticos e culturais.								1-2
OBX4 - Recoñecer os elementos presentes do pasado grecolatino en aspectos actuais tales como a política, os usos e costumes da sociedade, a situación da muller, o dereito, a educación e as formas de lecer, establecendo comparacións para comprender mellor o mundo que nos rodea.	2					1-2		
OBX5 - Tomar conciencia do valor das linguas clásicas, a través da súa perspectiva etimolóxica e como elemento transmisor das civilizacións grega e romana, para non esquecer que foron linguas vivas e que, nalgunha medida, seguen a selo.	4	2-3						
OBX6 - Apreciar o mundo grecorromano mediante a investigación da súa herdanza actual de forma que se respecte e valore o que representa o legado e o patrimonio do mundo clásico e a obriga como cidadáns que temos de preservalo e transmitilo á posteridade.	1-3	3		1-3	3-4-5		3	

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Xeografía de Grecia e do Imperio Romano	Marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia. Localización nun mapa en soporte papel e dixital fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.	9	10	X		
2	Historia de Grecia e do Imperio Romano	Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes. Presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A romanización de Hispania e a da Gallaecia.	9	10	X		
3	Mitoloxía grecorromana	Cosmogonía. Teogonía. O panteón grego e romano. Mitos grecolatinos. Orixes e funcións. Os heroes e heroínas. Pervivencia da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na publicidade. Relixión grega: cultos, santuarios e oráculos. Relixión romana: culto público e privado. Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	10	10	X	X	X
4	Arte grecorromana	Fundamentos e etapas da arte clásica. Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas. Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas. Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas. Herdanza clásica no patrimonio artístico en Europa en xeral e en Galicia en concreto. Presenza da civilización grecolatina nas artes.	10	10	X	X	X
5	Política	Organización política en Grecia e en Roma: formas de goberno e institucións. Presenza da civilización grecolatina na organización política actual.	8	7	X		
6	Sociedade	Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais. A escravitude. A familia en Grecia e Roma. Roles dos seus membros; situación da muller. Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda,	8	8		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Sociedade	hixiene, alimentación, vestimenta e traballo. Presenza da civilización grecolatina na organización social actual.	8	8		X	
7	Espectáculos públicos	Os espectáculos públicos en Grecia e Roma.	8	8			X
8	Familias lingüísticas	As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas. As linguas romances.	8	8		X	
9	Escritura	Historia da escritura. Tipos de escritura, materiais e soportes. Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o abecedario latino.	8	8		X	
10	Helenismos e latinismos	Composición e derivación culta de orixe grega e latina. Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán. Léxico grecolatino na linguaxe común e na científica e técnica. Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas.	8	8			X
11	Literatura	Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais.	8	8			X
12	Fraseoloxía en grego e latín	Fórmulas básicas de saúde en latín e/ou grego, e fraseoloxía básica do mundo escolar.	6	10	X	X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Xeografía de Grecia e do Imperio Romano	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia.	Descibir axeitadamente en formato papel ou en liña a maioría das localizacións propostas.	PE	80
CA1.2 - Localizar nun mapa en soporte papel e dixital fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.	Localizar en mapas en formato papel ou en liña as localizacións propostas.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.3 - Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.	Atopar e identificar elementos da presenza clásica na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Marco xeográfico das civilizacións grega e romana.</li> <li>- Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. A presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A romanización de Hispania e a da Gallaecia.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Historia de Grecia e do Imperio Romano	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar, describir e explicar o marco histórico e as etapas en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.	Identificar e relacionar en orde cronolóxica cada unha das etapas históricas e coñecer, cando menos, algunha característica identificativa.	PE	80
CA1.4 - Identificar as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, o papel que desempeñan os seus protagonistas e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos.	Identificar e recoñecer algunhas características, persoeiros, feitos históricos, etc. e saber elaborar un eixe cronolóxico coas datas propostas.		
CA1.5 - Identificar as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia.	Coñecer e identificar algunha das características propostas da romanización.		
CA6.3 - Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.	Atopar elementos da presenza clásica na contorna e no país a través de investigacións en internet e na biblioteca.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes.</li> <li>- Marco histórico da civilización romana: monarquía, república e imperio. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes.</li> <li>- Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. A presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A romanización de Hispania e a da Gallaecia.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Mitoloxía grecorromana	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.	O alumnado deberá atopar algunha semellanza e conexión entre a relixión grega e as actuais.	PE	30
CA2.4 - Describir os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.	Describir e distinguir os indicadores que diferencian o culto público do privado.		
CA2.1 - Identificar os principais deuses e deusas da mitoloxía grecolatina.	Identificar grazas aos atributos das divindades o nome das principais deusas e deuses, a súa área de influencia e relacións entre eles e elas.	TI	70
CA2.2 - Recoñecer os mitos e os heroes grecolatinos e establecer semellanzas e diferenzas cos mitos e os heroes doutras culturas e os actuais. Orixes e funcións.	Recoñecer, cando menos, máis da metade dos mitos e heroes propostos, atopando semellanzas con outras mitoloxías.		
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Atopar elementos da mitoloxía clásica na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.		
CA6.2 - Coñecer a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	Atopar elementos da mitoloxía clásica nas manifestacións artísticas actuais a través de investigacións en internet e na biblioteca.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da presenza clásica na contorna a través de investigacións en internet e na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cosmogonía. Teogonía. O panteón grego e romano.</li> <li>- Mitos grecolatinos. Orixes e funcións. Os heroes e heroínas. Perduración da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na publicidade.</li> <li>- Relixión grega: cultos, santuarios e oráculos.</li> <li>- Relixión romana: culto público e privado.</li> <li>- Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual.</li> <li>- Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.</li> <li>- Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Arte grecorromana	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Distinguir as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.	Distinguir algunhas características da arte clásica e relacionalas con obras artísticas actuais.	PE	40
CA3.2 - Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares.	Identificar en edificios singulares características da arquitectura grecorromana.		
CA6.2 - Coñecer a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	Atopar elementos da mitoloxía clásica nas manifestacións artísticas actuais a través de investigacións en internet e na biblioteca.		
CA3.3 - Recoñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática en obras representativas.	Recoñecer e identificar características da escultura grecorromana en obras representativas.	TI	60
CA3.4 - Diferenciar as creacións urbanísticas romanas das outras épocas, así como a súa rede viaria, facendo fincapé no contorno do alumnado.	Recoñecer e identificar características do urbanismo romano especialmente na actualidade.		
CA3.5 - Saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.	Localizar algunha das construcións clásicas que se conservan en España e no resto de Europa.		
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Atopar elementos da presenza clásica nas manifestacións artísticas actuais e na sociedade e política a través de investigacións en internet e na biblioteca.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da civilización clásica na contorna a través de investigacións en internet e na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fundamentos e etapas da arte clásica.</li> <li>- Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas.</li> <li>- Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas.</li> <li>- Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas.</li> <li>- Herdanza clásica no patrimonio artístico en Europa en xeral e en Galicia en concreto.</li> <li>- Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual.</li> <li>- Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.</li> <li>- Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	Política	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Identificar as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas e cos sistemas políticos actuais.	Identificar características da organización política grecorromana e establecer a súas semellanzas e diferenzas cos sistemas políticos actuais.	PE	50
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Atopar elementos dos sistemas políticos clásicos na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.	TI	50
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da presenza clásica nos sistemas políticos actuais a través de investigacións en internet e na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Organización política en Grecia e en Roma: formas de goberno e institucións.</li> <li>- Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual.</li> <li>- Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	Sociedade	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Distinguir as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma.	Distinguir e clasificar características das clases sociais en textos propostos.	PE	60
CA4.3 - Describir a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.	Coñecer os membros da familia e describir o papel que desempeñan.		
CA4.4 - Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.	O alumnado deberá demostrar que coñece algúns dos trazos máis salientables da vida cotiá grecorromana.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Atopar elementos da sociedade clásica nas artes e sociedades actuais a través de investigacións en internet e na biblioteca.	TI	40
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da civilización clásica na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais. A escravitude.</li> <li>- A familia en Grecia e Roma. Roles dos seus membros; situación da muller.</li> <li>- Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo.</li> <li>- Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual.</li> <li>- Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	Espectáculos públicos	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Identificar as principais formas de lecer da Antigüidade e comparalas coas actuais.	Identificar e comparar algunha das formas de lecer da antigüidade clásica co mundo actual.	TI	100
CA4.6 - Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia clásica e as actuais.	Identificar e comparar algunha das manifestacións deportivas da antigüidade clásica co mundo actual.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos do lecer e o deporte do mundo clásico na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os espectáculos públicos en Grecia e Roma.</li> <li>- Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
8	Familias lingüísticas	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Identificar a orixe común das linguas indoeuropeas, distinguir as linguas europeas romances das non romances e recoñecer a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.	O alumnado deberá identificar, distinguir, recoñecer e relacionar algunhas das linguas europeas e as súas familias.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas.</li> <li>- As linguas romances.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
9	Escritura	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Distinguir diversos tipos de escritura, comprender as súas funcións e a orixe do alfabeto e dos tipos de sistemas de escritura usados na actualidade e recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.	O alumnado deberá distinguir, comprender e recoñecer os sistemas de escritura propostos e os seus elementos gregos e latinos.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Historia da escritura. Tipos de escritura, materiais e soportes.</li> <li>- Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o abecedario latino.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
10	Helenismos e latinismos	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais e facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos.	O alumnado deberá distinguir e identificar termos cultos e patrimoniais e os fenómenos fonéticos da súa evolución.	PE	80
CA5.4 - Utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina e constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.	O alumnado deberá utilizar con propiedade a terminoloxía proposta en textos escritos.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da presenza de latinismos e helenismos na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Composición e derivación culta de orixe grega e latina.</li> <li>- Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.</li> <li>- Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán.</li> <li>- Léxico grecolatino na linguaxe común e na científica e técnica.</li> <li>- Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas.</li> <li>- Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
11	Literatura	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.5 - Identificar as principais características dos xéneros literarios grecolatinos, a súa influencia na literatura posterior e os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental.	O alumnado deberá identificar e relacionar as características dos xéneros literarios grecolatinos en textos propostos.	TI	100
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da presenza da literatura clásica na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais.</li> </ul>

Contidos
- Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
12	Fraseoloxía en grego e latín	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.6 - Usar as fórmulas de saúdo e presentación en latín e grego e fraseoloxía básica da aula.	O alumnado deberá usar correctamente as fórmulas de saúdo e o léxico básico da aula.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Fórmulas básicas de saúdo e presentación en latín e grego, e fraseoloxía básica do medio escolar.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

¿ A metodoloxía didáctica partirá da variedade nas actividades, a referencia reiterada a contidos anteriores e actuais e a inclusión na súa xusta medida do compoñente lúdico. Este poderé aborarse establecendo relacións entre os contidos tratados e situacións de actualidade.

¿ Haberá que distinguir niveis de dificultade no contido e nas actividades para cubrir as diversas necesidades educativas do alumnado. Neste sentido, proporcionarase ao alumnado con necesidades educativas especiais os materiais de reforzo que precisen para acadar os obxectivos.

¿ Promoverase a utilización das TIC para informarse, aprender e comunicarse e para utilizar con sentido crítico, como recurso formativo, materiais de procedencia diversa.

Actividades:

- Lecturas de textos clásicos ou referidos ao mundo grecorromano (fragmentos de obras orixinais, adaptacións, textos historiográficos, etc.) para traballar transversalmente a comprensión lectora e que ilustren os temas que se tratarán.

- Incentivar a participación na aula do alumnado a través da expresión de ideas e reflexións, facendo especial fincapé no desenvolvemento da capacidade comunicativa en público.

- Uso das tecnoloxías informáticas para a busca de información como ferramenta de traballo, consulta e exercicio interactivo, propiciando con iso o afondamento nas técnicas de investigación, procura, selección e presentación da información tanto de forma oral como escrita ou visual.

- Recursos como a cartografía e a elaboración de eixes cronolóxicos tanto en formato papel como mediante recursos en liña, aplicacións que permiten percorridos virtuais polas localizacións máis destacadas do mundo grecorromano e visualizar vídeos sobre os contidos referidos especialmente ao primeiro bloque, así como dos lugares de culto marcados por unha contorna xeográfica moi particular e grazas a iso poderé conectarse a xeografía coa arqueoloxía, a relixión ou a mitoloxía, especialmente no caso do mundo grego.



- Traballaremos con técnicas de aprendizaxe cooperativa, nas que o alumnado terá a oportunidade de interactuar nun contexto académico. Este método permitiranos amosarlles que os grupos de traballo acadan os seus obxectivos e resultados se todos os seus membros se esforzan ao máximo e son responsábeis da tarefa que se lles encomenda.

- Traballo interdisciplinar: a través dos contidos de lingua e cultura estableceremos relacións con outras materias do currículo, especialmente coas do eido humanístico: Latín, Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, Lingua Estranxeira, Filosofía, Historia da Arte, Historia, Xeografía, Antropoloxía, etc. O tratamento do léxico e dalgúns temas de legado permitiranos achegarnos a materias do eido científico como Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Matemáticas, Tecnoloxía, etc. O proxecto interdisciplinar deste curso, proposto pola Biblioteca do centro, está aínda por definir.

- Outras metodoloxías como o traballo por proxectos significativos para o alumnado, a clase invertida (flipped classroom), a aprendizaxe colaborativa, a ludificación, etc. que permitan maximizar o tempo útil de traballo práctico na aula, optimicen resultados e fagan o proceso de ensinanza máis inclusivo e variado.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais de elaboración propia.
Caderno de escritura.
Aula virtual do centro.

O departamento non ten libro de texto asignado. En réxime de préstamo poderá empregarse como libro de texto de uso habitual (sempre que existan libros suficientes) CULTURA CLÁSICA 3º ESO RODEIRA. ISBN 84-8116-825-4 (2002) Este material pertence ao antigo programa de préstamo de libros de texto. O alumnado deberá devolver o material ao finalizar o curso en perfecto estado de uso.

O propio departamento poderá pór a disposición dos alumnos/as os materiais bibliográficos ou de consulta que procedan (outros libros de texto, v.g. edicións traducidas, léxicos, gramáticas, manuais, tanto en formato tradicional como en soporte informático ou en formato web), procurándose a adquisición de determinados exemplares repetidos para os fondos da Biblioteca do Centro.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Aínda que se trata dunha materia que o alumnado non cursou con anterioridade, hai que considerar o posible alumnado repetidor e os coñecementos previos sobre o mundo grecorromano que poidan ter adquirido en cursos previos noutras materias como Xeografía e Historia ou materias lingüísticas. Por esta razón e para adecuar as explicacións ao nivel de coñecementos da clase, presentaremos na segunda sesión lectiva unha proba escrita de diagnóstico con cuestións xerais diversas referidas a cada varias das unidades didácticas do curso, as que teñan accedido con anterioridade en outras materias (Linguas, Historia, Arte, Educación Plástica) e as derivadas do uso na actualidade.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>8</b>
<b>Proba escrita</b>	80	80	30	40	50	60	0	100	0	80
<b>Táboa de indicadores</b>	20	20	70	60	50	40	100	0	100	20

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>8</b>	<b>6</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	0	0	<b>45</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	<b>55</b>

### Criterios de cualificación:

Faranse probas periódicas que nos permitan medir o grao de obxectivos alcanzados en cada apartado ou unidade didáctica.

#### CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN

A cualificación final de cada avaliación será froito das notas obtidas en cada proba seguindo os seguintes criterios porcentuais de varias probas escritas e/ou orais de cada unidade explicada e/ou presentacións e traballos escritos; media ponderada de todas elas segundo as seguintes fórmulas:

$$1.^{\text{a}} \text{ avaliación: } [(UD1 \times 9) + (UD2 \times 9) + (UD3 \times 3) + (UD5 \times 3) + (UD6 \times 8) + (UD12 \times 2)] / 34$$

$$2.^{\text{a}} \text{ avaliación: } [(UD3 \times 3) + (UD4 \times 4) + (UD6 \times 8) + (UD8 \times 8) + (UD9 \times 8) + (UD12 \times 2)] / 33$$

$$3.^{\text{a}} \text{ avaliación: } [(UD3 \times 4) + (UD4 \times 3) + (UD7 \times 8) + (UD10 \times 8) + (UD11 \times 8) + (UD12 \times 2)] / 33$$

O multiplicador de cada UD é o peso da mesma en cadanseu trimestre. Así, p. ex., a UD3, que ten un peso total de 10 sobre 100 no curso, está repartido en 3, 3 e 4 nas tres avaliacións. Asemade, o resultado obtido para cada trimestre deberá ser dividido entre 34 para a primeira avaliación, 33 para a 2.<sup>a</sup> e tamén 33 para a 3.<sup>a</sup> avaliación que son as porcentaxes achegadas respectivamente para obter unha nota en base 10.

Utilizaranse estas ponderacións en función das unidades vistas en cada trimestre. No caso de non poder abordar de forma completa unha unidade por falta de tempo, a cualificación de cada trimestre será recalculada coa media ponderada correspondente aos contidos vistos.

As probas escritas serán fixadas coa suficiente antelación acordando a data entre o alumnado e o profesorado da materia. Caso de que non haxa acordo prevalecerá a decisión do profesor ou profesora que seguirá criterios didácticos ao respecto.

#### CUALIFICACIÓN FINAL

Será o resultado da media aritmética das tres avaliacións segundo a seguinte fórmula:  $(1.ª \text{ aval.} \times 0,34) + (2.ª \text{ aval.} \times 0,33) + (3.ª \text{ aval.} \times 0,33)$

1.ª avaliación achega o 34 % da cualificación final.

2.ª avaliación achega o 33 % da cualificación final.

3.ª avaliación achega o 33 % da cualificación final.

Na avaliación final poderá redondearse a nota cara ao seguinte número enteiro a partir da décima 5, é dicir, 6,49 será 6 e 6,50 poderá redondearse a 7, sempre a criterio do profesorado.

#### INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

1. Probas escritas adaptadas aos contidos de cada UD.

2. Táboas de indicadores como rúbricas, listas de cotexo, observación directa, etc. para as probas orais, as presentacións, os traballos escritos, en función do tipo de contidos e criterios de avaliación da cada UD.

#### **Criterios de recuperación:**

Realizarase ao final de cada trimestre unha proba escrita con cuestións referidas a todos os contidos explicados ata ese momento a modo de recompilación das UD desa avaliación que servirá ao alumnado como recuperación dos apartados non superados durante o trimestre para o caso de que a cualificación do trimestre sexa inferior a 5.

No período posterior á terceira avaliación e antes da avaliación final, haberá novas probas de recuperación individualizadas para o alumnado que non superou determinadas unidades didácticas para o caso de que a cualificación final non chegase a 5.

A nota obtida nas probas de recuperación substituirá a nota anterior que estivese suspensa das correspondentes UD e aplicaríanse as fórmulas correspondentes para recualificar e recuperar a materia.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O principal obxectivo deste procedemento é a recuperación das aprendizaxes non adquiridas e irá dirixido ao alumnado que promocióne sen superar a materia, seguindo o artigo 51 da Orde do 8 setembro 2021 de atención á diversidade no que se regula o plan de reforzo para ese alumnado.

O departamento programará as actividades que o alumnado debe realizar durante o curso, o seguimento, os criterios de avaliación e o profesorado responsa en 4.º, será, en principio, o profesorado desta materia en 4.º de ESO o encargado da facer o seguimento do alumnado que promocióne a 4.º coa materia pendente. En último caso, se non existe esa posibilidade porque non se imparta esta materia en 4.º, o xefe ou xefa de depble do seu seguimento de non cursar o alumnado esta materia no curso actual.

O seguimento destes programas realizarase nas sesións de reunión do equipo docente do grupo no que cursa o alumnado.

Deseñaranse programas de reforzo individualizados para a recuperación das aprendizaxes non adquiridas, proporcionando boletíns de exercicios, libros de lectura obrigatoria con cuestionarios de seguimento da súa lectura e probas escritas en datas proporcionadas pola xefatura de estudos.

A nota será produto da media aritmética de todas as notas obtidas nas probas propostas durante o curso.

No curso actual non hai alumnado con Cultura Clásica como materia pendente. Incluímos o programa de recuperación de pendentes para o caso de incorporación de alumnado durante o curso que teña a materia pendente.

ANEXO. PROGRAMA DE RECUPERACIÓN DE PENDENTES

¿ O alumnado que curse Cultura Clásica como materia pendente terá como referente a programación didáctica LOMCE do curso 2021-2022 e o departamento lle proporcionará información sobre os procedementos de recuperación da materia pendente.

¿ O alumnado coa materia pendente terá que acadar o obxectivo que se inclúen na programación e para facilitar a súa consecución, o departamento proporcionará boletíns de traballo práctico. A realización destas actividades é de carácter voluntario.

¿ O alumnado deberá realizar dúas probas parciais ao longo do curso. Os criterios de avaliación son os que aparecen recollidos na programación.

¿ O alumnado coa materia pendente deberá superar ambos parciais para obter avaliación positiva. En caso de non ter superada unha das probas parciais, poderá ser avaliado positivamente por media aritmética das dúas probas. No caso de que non supere as probas parciais, poderá presentarse a unha proba de recuperación final. As probas realizaranse nos meses de Xaneiro ( 1º parcial) marzo/ Abril (2º Parcial) e Abril/ Maio (Proba Final) segundo o calendario de exames de pendentes.

#### 1º PARCIAL CONTIDOS

1. B1.1. Marco xeográfico das civilizacións grega e romana.
2. B2.1. Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico.
3. B2.2. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio.
4. B3.1. O panteón grego e romano. B3.2. Mitos grecolatinos. Os heroes.
5. B3.3. Relixión grega. B3.4. Relixión romana: culto público e privado.
6. B5.1. Organización política en Grecia e en Roma.
7. B6.1. Historia da escritura. Signos e materiais. B6.2. Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o alfabeto romano.

#### 2º PARCIAL CONTIDOS

1. B5.4. Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo.
2. B5.2. Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais.
3. B5.3. A familia en Grecia e Roma.
4. B5.5. Os espectáculos públicos en Grecia e Roma.
5. B6.5. Composición e derivación culta de orixe grega e latina.
6. B6.6. Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
7. B6.7. Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán.
8. B6.8. Léxico grecolatino na linguaxe científica e técnica.

## 6. Medidas de atención á diversidade

O principal obxectivo destas medidas é o seguimento do alumnado que require unha atención especial en función das súas características, motivacións ou circunstancias educativas e persoais, e o de aquel alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso, seguindo o artigo 52 da Orde do 8 setembro 2021 de atención á diversidade no que se regula o plan específico personalizado para este alumnado.

Sendo a Cultura Clásica unha materia optativa, xa constitúe unha das vías que establecen resposta á diversidade de intereses e necesidades do alumnado. Con carácter xeral a ensinanza debe ter unha natureza individualizada, que tome en consideración o punto de partida de cada alumno ou alumna, traballando na medida do posible de xeito particular sobre a súa motivación, os seus intereses e as súas capacidades de aprendizaxe. Neste sentido débese prestar atención especial ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. De xeito ordinario adoptaranse unha serie de medidas encamiñadas a previr ou compensar dificultades leves mediante a adecuación do currículo vixente, sen alterar ningún dos seus elementos prescritivos, co fin de que a diversidade do alumnado acade as capacidades establecidas nos obxectivos. Neste sentido tomaranse medidas como:

- Concreción e disposición secuencial de obxectivos.
- Metodoloxías que favorezan a participación de todo o alumnado: aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe seguida de cerca polo titor, maior participación, combinación de actividades (individual, por grupos, exposición, investigación, etc.), aprendizaxe autónoma, etc.
- Diversificar procedementos de avaliación.
- Reforzar valores e determinadas capacidades de tipo emocional.
- Reunións periódicas do equipo docente convocadas polo profesorado titor. Seguimento de casos e intervención cando a situación o aconselle.
- É fundamental e accesible tamén o reforzo da lectura comprensiva na nosa materia.
- Outras medidas como a ampliación e afondamento para alumnado que o requira, recuperación, reforzo, adaptacións, etc.

É posible que polas circunstancias persoais, sociais ou culturais dalgún alumno ou alumna sexa necesaria unha adaptación curricular significativa, o que implicará modificacións de elementos de prescrición do currículo como os obxectivos, contidos ou criterios de avaliación, mesmo no que se refire a concrecións metodolóxicas, aínda que esta medida só se tomará despois de explorar todas as posibilidades ordinarias. A adopción deste proceder será autorizada por Inspección Educativa e tras este paso decidirse que elementos do currículo deberán ser modificados. Nestes casos, a avaliación axustarase aos criterios individualizados establecidos na adaptación curricular, tendo sempre como referente os obxectivos da etapa á hora da promoción.

Estas medidas poderanse tomar nos seguintes casos:

- alumnado con altas capacidades intelectuais.
- alumnado con necesidades educativas especiais.
- alumnado con integración tardía no sistema educativo.
- alumnado que permanece máis dun ano no mesmo curso.

Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe, o departamento preparará e entregarlles un material de apoio para traballar durante as fins de semana e períodos de vacacións. Este material (que se elaborará determinando aqueles aspectos que o alumno non consegue facer, os contidos que hai que traballar e a metodoloxía que hai que utilizar) deberao presentar rematado á volta do período vacacional. Durante a clase poderán resolverse as súas dúbidas mentres o resto de compañeiros prepara outra actividade. O tipo de traballo que se preparará obedecerá a

unha ampla gama de exercicios e actividades, estruturada da seguinte forma:

- exercicios previos para comprender mellor a materia.
- exercicios prácticos variados para desenvolver os contidos necesarios.
- exercicios de repaso daqueles coñecementos menos adquiridos.

Do mesmo xeito, ao alumnado que amose un especial interese, procurarase entregarlle material (todo tipo de recursos materiais e recursos en rede) para ofrecerlle a posibilidade de profundar en aspectos concretos do programa de contidos.

Durante este curso estas medidas serán incorporadas para atender ás NEE do grupo, ( reforzos, enriquecemento curricular, TDAH, DISLEXIA, DISGRAFÍA) que se recollen no apartado 1.3.no contexto educativo

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.						X		
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X			X	X		X
ET.7 - A educación emocional e en valores.						X		X
ET.8 - A igualdade de xénero.			X		X	X	X	
ET.9 - A creatividade.			X	X				
ET.10 - A educación para a paz.		X			X			

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - A comprensión lectora.	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.				
ET.4 - A competencia dixital.	X		X	

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.				
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.			X	
ET.7 - A educación emocional e en valores.				X
ET.8 - A igualdade de xénero.			X	X
ET.9 - A creatividade.	X		X	
ET.10 - A educación para a paz.				

### Observacións:

Os elementos transversais son valores que teñen unha traxectoria histórica e, baixo o exemplo civilizador do mundo clásico, intégranse no currículo desde a perspectiva dos contidos de Grecia e Roma e tradúcense nunha vontade permanente de exemplificar a través deles e destacar respecto a dereitos e liberdades fundamentais, á participación, á liberdade, a xustiza, a igualdade, ao pluralismo político, a paz e a democracia, desenvolvendo a través da metodoloxía do currículo unha educación para a convivencia e o respecto nas relacións interpersoais, impulso da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, a tolerancia e o recoñecemento da diversidade e rexeitamento a calquera forma de violencia.

É importante mencionar o interese que a metodoloxía do currículo ten en educar a capacidade de escoita activa, a empatía e o diálogo. Igualmente o autocontrol no uso das tecnoloxías da información e a comunicación, a convivencia e os hábitos de vida saudable, motivando o espírito emprendedor que xera un emprego sostible a través dunha posta en valor e uso respectuoso da herdanza clásica que o rico patrimonio clásico atesoura.

Como eixes vertebradores deste apartado, teranse en conta a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento, a educación emocional, a igualdade de xénero e a creatividade.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Actividades sen determinar	Pendente de definir

### Observacións:

Tendo en conta a actual situación de pandemia e aínda que se eliminaron as restricións sanitarias, a día de hoxe non se inclúen actividades que impliquen a saída do centro do alumnado.

De darse o caso de que, ao longo do curso, se modificasen as circunstancias que fixesen posible a realización destas actividades e tivéssemos a oportunidade de coñecer e planificar a asistencia a algún acontecemento ou viaxe cultural ofertado de xeito convincente e interesante para os alumnos/as (directa ou indirectamente relacionado coa disciplina), informariámos ao departamento de actividades complementarias e extraescolares, á dirección do centro, e ao resto da comunidade educativa pertinente, someténdose o asunto á aprobación por parte do Consello escolar. Tal sería o caso de:

- o Representacións teatrais
- o Visita a algún lugar de interese arqueolóxico.
- o Busca da pervivencia do mundo clásico -en tódolos seus aspectos- no seu entorno.
- o Asistencia a algún acto cultural relacionado co mundo clásico: opera, exposicións, etc.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1 Planificación adecuada: número, duración das actividades, coherencia e nivel de dificultade.
2 Grao de motivación logrado na aula, participación e progreso do alumnado e valoración de resultados finais.
3 Obxectivos alcanzados e selección de contidos.
4 Pertinencia e accesibilidade dos materiais utilizados.
5 Resultado das medidas de atención á diversidade.
6 Tratamento dos elementos transversais e actividades complementarias.

#### Descrición:

En canto ao indicador 1 usarase unha folla de rexistro en distintos momentos do curso, especialmente ao remate de cada unidade didáctica e unha enquisa con preguntas directas ao alumnado para valorar os elementos positivos e negativos.

Para o indicador 2 usaremos cuestionarios ao alumnado que pasaremos ao final de cada trimestre para ver a evolución do proceso. Ademais, os resultados de aprendizaxe en cada avaliación, serán analizados para comprobar que estamos conseguindo os obxectivos.

Avaliaremos o proceso de ensino e a práctica docente utilizando rúbricas para os indicadores do grupo 3 a 6 ao final de curso.

A información obtida permitiranos realizar o contraste da práctica educativa co programado, a fin de realizar a revisión e, se fose necesario, a modificación das decisións que adoptásemos.

### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A nosa programación constitúese como un instrumento vivo que o docente seguirá como marco de referencia e que permite introducir as correccións e melloras pertinentes, evitando así as improvisacións. Todo iso conseguirase seguindo as directrices desenvolvidas nos puntos e elementos anteriores dunha maneira flexible e adaptándose ás circunstancias concretas do centro e do alumnado.

A programación, nos puntos que se estime, revisarase nas reunións que o Departamento celebra, como mínimo cada



mes, especialmente despois de analizar os resultados de cada unha das avaliacións, así como en calquera momento no que os membros do Departamento o consideren oportuno. Calquera cambio que se realice será comunicado aos membros da comunidade educativa que se vexan afectados.

Os elementos que serán revisados de maneira especial serán os seguintes:

- Número de sesións previstas e número de sesións utilizadas en cada UD.
- Orde dos contidos explicados.
- Actividades realizadas.
- Grao de cumprimento da UD.
- Obxectivos alcanzados.
- Propostas de mellora.

Estes cambios e adaptacións serán recollidos nas correspondentes actas de reunión, no apartado de seguimento da propia plataforma Proens e posteriormente na memoria final de curso.

Na derradeira reunión de departamento recolleranse as propostas de mellora de cara a modificar e mellorar a programación da materia no vindeiro curso.

## 9. Outros apartados